

## Achegas da fraseoloxía á didáctica da lingua e a literatura<sup>1</sup>

Maria Conca<sup>2</sup>

Universitat de València

A finalidade deste traballo é presentar un modelo didáctico para ensinar/aprender as unidades fráxicas (UF) en contextos de uso. Para isto, danse unhas orientacións sobre termos e conceptos básicos da fraseoloxía, estúdanse os compoñentes da competencia fraseolóxica en relación cos da competencia comunicativa e analízase o uso de UF en textos argumentativos e en textos narrativos. Finalmente, propónse, para cada tipo de texto, unha clasificación das UF segundo as súas características e as súas funcións discursivas.

Palabras clave: fraseoloxía, didáctica, competencia fraseolóxica e comunicativa.

The aim of this article is to present a didactic model for teaching/learning phraseological units in specific use contexts. For that purpose, we offer some guidelines related to basic concepts and terms of Phraseology together with the study of phraseological competence aspects in connection with communicative competence features. There is also an analysis of the use of phraseological units in argumentative and narrative texts. Finally, according to the text type, we classify these units depending on their discursive functions.

Key words: Phraseology, Didactics, phraseological and communicative competence.

### 1. Introducción

Os falantes, na nosa propia lingua, temos automatizados segmentos de fala completos, unidades pluriverbais, que se aprenden en contextos de uso, da mesma forma que se aprende o léxico. É o que Coseriu chama “discurso repetido” fronte ó “discurso libre”, ou o que nós chamaremos, de acordo coa disciplina fraseolóxica, unidades fráxicas (UF). En xeral, estas UF coñécense en catalán co nome de *proverbi* ou *refrany*, *locució*, *dita*, *frase feta*, etc.; en éuscaro, *atsotitz* ou *errefrau*, *esamolde*, *esan*, *zírto*, etc.; en galego, *proverbio* ou *refrán*, *locución*, *dito*, *frase feita*, etc.; en español, *refrán*, *dicho*, *modismo*,

---

<sup>1</sup> Este artigo é unha versión modificada e ampliada dunha conferencia pronunciada na Irakasleen Unibertsitate Eskola da Euskal Herrico Unibersitatea (Bilbo, 5 de maio de 2005).

<sup>2</sup> Traducido por Leopoldo Cañizo Durán.

*giro*, etc. E como tamén nolo demostra a nosa experiencia en tanto que falantes de máis dunha lingua, é posible encontrar correspondencias entre UF en diferentes linguas porque moitas delas se orixinaron nas culturas antigas e se estenderon a través do latín ou do árabe. Estas UF son transculturais e tamén se chaman europeísmos.

Por exemplo, o refrán: *Tants caps, tants barrets* (cat.).  
*Cada cabeza, a súa sentencia* (gal.).  
*Zenbat buru, hainbat aburu* (éus.).  
*Tantos hombres, tantos pareceres* (es.) (RECL:230)

significa que é difícil que no pensamento se dea unanimidade. É un concepto que xa se atopa no latín: *Quot homines, tot sententiae* e oponse ó “pensamento único”, que tanto quixeron impoñer os poderes fácticos ó longo da historia.

Atopámonos, xa que logo, ante unha disciplina, a fraseoloxía, que na súa vertente aplicada ó ensino de linguas, xa está a dar moitos froitos. Neste traballo falaremos, en primeiro lugar, da fraseoloxía como ciencia lingüística, do seu desenvolvemento e das características do seu obxecto de estudo. En segundo lugar, veremos-la relación entre fraseoloxía e competencia comunicativa do falante así como a necesidade de controla-las UF se se quere ser falante competente na lingua propia (L1), nunha segunda lingua (L2) e en lingua estranxeira (LE). En terceiro lugar, falaremos dos criterios metodolóxicos para o ensino da fraseoloxía, tanto en L1 como en L2, e en LE, presentaremos algúns exemplos e exporémo-la nosa proposta.

## 2. Fraseoloxía: teoría e aplicacións

O recoñecemento da fraseoloxía como disciplina científica precisou percorrer un longo camiño. De feito, tivo que pasar todo o século XX para que nas súas últimas décadas se lle fixera un recoñecemento máis explícito, a pesar de que xa en 1905, o lingüista francés Charles Bally sentara as bases para o seu desenvolvemento e, en 1928, o lingüista soviético Polianov a considerara disciplina lingüística. Efectivamente, tivo un importante desenvolvemento nos países da antiga URSS durante a segunda metade do século XX.

Hoxe xa contamos con numerosos estudos e publicacións sobre fraseoloxía en moitas linguas do mundo, como se pode comprobar na revista *Proverbium*, dirixida desde a universidade de Vermont por Wolfgang Mieder. Tamén se observa un importante avance entre os investigadores e fraseógrafos das diferentes linguas do estado español; remitimos ó libro de Gloria Corpas: *Diez años de investigación en fraseología* (2003) e ás revistas *Paremia*, dirixida por Julia Sevilla, e *Cadernos de fraseoloxía galega*, dirixida por Xesús Ferro. No ámbito catalán, cabe citar dúas publicacións significativas: a revista *Caplletra*, núm. 18, coordinada por Vicent Salvador e *El discurs prefabricat. Estudis de fraseologia teòrica i aplicada* (2000), editado por Vicent Salvador e Adolf Piquer. Para o éuscaro, existe o importante traballo fraseográfico realizado por Gotzon Gárate a partir dun traballo de campo por todo Euskal Herria, que lle permitiu recoller preto de 15.000 proverbios con numerosas correspondencias en latín, inglés e español, e que ademais se pode consultar na rede. Sobre aspectos de fraseoloxía en éuscaro batúa, remitimos á publicación *Euskara mintzatuaeren erronkak* (1998), coordinada por Fito Rodríguez e Imanol Esnaola.

A pesar de todo isto, aínda adoitan producirse confusións terminolóxicas e os dicionarios de lingüística recentes tampouco aclaran os termos. Por iso coidamos conveniente definir algúns conceptos que os estudantes e sobre todo os profesores que se dedican ó ensino de linguas si que deberán ter en conta. Así, entendemos por *fraseoloxía* a disciplina lingüística que se ocupa do estudo das *unidades fráscicas* (UF). Este estudo pódese abordar nun ámbito teórico ou aplicado, desde un enfoque diacrónico ou sincrónico e desde un punto de vista interno ou externo, tal como o enfoca María Isabel González Rey (2004: 114-117), que propuxo unha visión de conxunto das posibles ramificacións desta disciplina. O *frásico* inclúe o conxunto de UF dunha lingua. Así mesmo, podemos falar do frásico dun campo concreto de actividade, como por exemplo o frásico xerado por un oficio, por un deporte, o frásico dunha especialidade ou dunha disciplina, o frásico dun autor, etc. O termo *frásico* foi introducido por Josep Guia, no I Coloquio de Fraseoloxía Galega (1997), nun intento de encher un baleiro nominativo que foi seguido por varios investigadores. A *unidade fráscica* (UF) é unha combinación estable, formada por dúas ou máis palabras que constitúen unha estrutura fixa, asociada xeralmente a un contexto comunicativo, caracterizada por unha serie de trazos entre os que cabe citar como máis importantes a repetición, a fixación, a idiomaticidade, a anomalía e a institucionalización. A estrutura destas construcións comprende desde un sintagma formado por dúas palabras, como mínimo, ata unha oración simple ou composta.

Unha vez definida a disciplina e o seu obxecto de estudo, tamén convén aborda-la taxonomía das UF, un aspecto un tanto complicado, pero posible despois dos traballos de Alberto Zuluaga (1980) e de Gloria Corpas (1997). De maneira que podemos clasificalas UF en: **colocacións** (*llum verda / luz verde / argi berdea; cop d'estat / golpe de estado / estatu kolpea; llesca de pa / rebanada de pan / ogi puska; desitjar de tot cor / desear fervientemente / benetan nahi izatea; totalment convençut / firmemente convencido / erabat ziur*), **locucións** (*fil per randa / al dedillo / goitik behera; blau de fam / muerto de hambre / goseak jota; arribar i moldre / llegar y besar el santo / bertaratu ta jan; al cap i a la fi / al fin y al cabo / azquen batean*), **paremias** (*Amb temps i palla, maduren les nyepres / Ó seu tempo maduran as uvas / A su tiempo, maduran las brevas / Denborak ontzen ditu intxaurrak* (núm. 61, 877 RECL)) e **fórmulas rutineiras** (*Bona vista vejam / Dichosos los ojos / Aspaldiko; Per molts anys / Muchas felicidades / Urte askotarako; Anem al gra / Vayamos al grano / Harira*).

Por outra parte, e ademais do carácter lingüístico da fraseoloxía, é importante remarca-lo seu valor sociocultural, porque as UF son tamén unidades culturais da lingua, que representan a idiosincrasia dun pobo; son a síntese de experiencias e coñecementos acumulados analoxicamente en imaxes e metáforas que nos axudan a entende-lo mundo, e o que nos singulariza dos outros pobos. Por iso, recuperar “o idiomático” é tan importante para linguas como o galego, o éuscara ou o catalán, que sufriron procesos xenocidas de substitución lingüística.

É o caso do refrán: *Quien mucho abarca, poco aprieta* (es.).  
*Qui molt abraça, poc estreny* (cat.).  
*Quen moito abarca, pouco apreta* (gal.).  
*Bietxetako txacurra goseak jan* (éus.). (RECL: 775)

Así, en catalán, dáse a circunstancia dalgúns refráns que os falantes coñecen en español e descoñecen na súa lingua, de forma que cando falan en catalán introducen o refrán en español, dicindo: “com diuen els castellans: ‘quien mucho abarca poco aprieta’”. Pero dáse a circunstancia, precisamente, de ser este un concepto codificado xa en latín: *Pluribus intentus minor est ad singula sensus* e que se atopa en moitas linguas románicas. Nosoutros contrastámo-la documentación deste proverbio en francés, italiano, portugués, occitano e catalán, e a documentación máis antiga e precisa que atopamos é a catalá, do s. XIV. Ademais contamos con abundante documentación do seu uso ata o século XX. Pero a substitución fraseolóxica ten un efecto perverso: fai crer ó falante da lingua minorizada que a outra lingua é máis rica en imaxes e que non hai máis remedio que recorrer a ela. Contribúe ó complexo de inferioridade proverbial fronte ós falantes da lingua dominante.

### **3. A relación entre competencia comunicativa e competencia fraseolóxica**

Desde o punto de vista da aprendizaxe dunha lingua, sabemos que o estudante ten que chegar a coñece-lo código da lingua (o que Chomsky chamou *competencia lingüística*), pero tamén as circunstancias contextuais que acompañan o acto de comunicación: quen lle fala a quen, de qué e como se debe expresa-la mensaxe, con que propósito, con que grao de formalidade, e mediante que canle, etc. (o que Hymes chamou *competencia comunicativa*). Afondando máis na competencia comunicativa, dous lingüistas, Canale & Swain (1980), consideraron catro compoñentes dentro da competencia comunicativa: o compoñente gramatical, o discursivo, o sociolingüístico e o estratéxico.

Cómpre detérmonos neste punto para comprobar que a competencia fraseolóxica comprende tódolos compoñentes sinalados para a competencia lingüística e comunicativa, así como o compoñente cultural que estas unidades conteñen e que incorporamos:

- A) **Compoñente gramatical:** as UF teñen unhas regras de combinación, inserción e pronunciación. Por exemplo, dise: *Luis es de armas tomar*, pero non *el cuadro es de armas tomar*; *saberse algo al dedillo*, pero non *\*saberse algo a los cuatro dedillos*.
- B) **Compoñente discursivo:** as UF toman sentido no discurso, especialízanse actuando como elementos de cohesión sintáctica, léxica ou pragmática e son importantes para a coherencia semántica. Máis adiante, nos exemplos contextualizados, teremos ocasión de comproba-la importancia desta compoñente.
- C) **Compoñente sociolingüístico:** o uso convencional dunha UF faina apta para un contexto e non para outro. Ademais, son un instrumento eficaz de identificación grupal e, polo tanto, de socialización. Por exemplo: *Bona vista veja'm / Dichosos los ojos / Aspaldiko* é propio dun rexistro coloquial, mentres que *llum verda / luz verde / argi berdea* é máis propio dun rexistro estándar.
- D) **Compoñente estratéxico:** as UF constitúen unha forma sinxela e económica de expresión e poden axudar a compoñer mensaxes curtas e significativas. Por exemplo, para describir unha situación na que a un lle foron moi ben as cousas e as conseguiu

con facilidade, dicimos: *Arribar i moldre / Chegar e encher/ Llegar y besar el santo / Bertaratu ta jan.*

- E) **Compoñente cultural:** a maioría de UF conteñen imaxes metafóricas que, ó longo da historia, a comunidade falante codificou para entender conceptos abstractos por medio doutros máis concretos. Por iso, o coñecemento do frásico dunha lingua é un aspecto potente de integración cultural e un instrumento fundamental para entender diversas significacións e claves de lectura en textos literarios. Sérvenos como exemplo:

*Tants caps, tants barrets* (cat.)

*Cada cabeza, a súa sentenza* (gal.)

*Zenbat buru, hainbat aburu* (éus.)

*Tantos hombres, tantos pareceres* (es.) (RECL: 230)

Polo tanto, se a competencia fraseolóxica se integra en cada un dos compoñentes da competencia comunicativa global, teremos que interpretar que a aprendizaxe da fraseoloxía é fundamental e que cómpre incorporala en tódolos niveis de ensino de linguas, desde a escola infantil á universidade, e en tódolos programas de ensino, tanto monolingües como bilingües.

Supoñamos que demos suficientes argumentos para incorpora-lo estudo do frásico no ensino da lingua. O segundo paso será analizar qué metodoloxía será a máis idónea, con que materiais contamos para o seu desenvolvemento e que necesidades temos. Tendo en conta que o obxectivo fundamental que perseguimos é formar falantes competentes que incorporen o uso adecuado das UF, tanto na súa primeira lingua como nas outras que aprendan, e que sexan capaces de codificalas e descodificalas en contextos de uso.

Unha ollada a algunhas propostas didácticas para o ensino das UF demóstranos que onde se lle prestou máis atención é no ensino das linguas estranxeiras (LE). Para o inglés LE, o ensino dos *idioms* xa empezou no primeiro terzo do século XX. Este ensino estendeuse a outras linguas estatais, como o francés e o español. Na actualidade pódense atopar materiais didácticos fraseolóxicos para estas linguas, tanto publicados en forma de manuais ou cadernos como en programas en liña. A razón pola que se dedicaron máis esforzos á fraseoloxía da lingua estranxeira parece ser lóxica: o aprendiz dunha LE tropeza de contado coa dificultade de descodificar e codificar unha UF que descoñece (e máis, se é idiomática), mentres que na primeira lingua os falantes apréndenas de forma natural nos contextos de uso e, por isto, non se considerou tan necesario o seu ensino. No que concirne á fraseodidáctica —utilizo o termo proposto por González Rey (2004)— de linguas como o catalán, o galego e o éuscaro, aínda a misa vai no credo.

#### **4. Criterios metodolóxicos xerais para o ensino da fraseoloxía**

Os criterios metodolóxicos que deben rexe-lo ensino/aprendizaxe das UF despréndense, por unha parte, das características intrínsecas e discursivas destas UF e, por outra, do obxectivo fundamental da súa aprendizaxe, é dicir, que sexan usadas adecuadamente nas distintas situacións comunicativas. Isto significa que o estudante ten que incorpora-las UF, igual que incorpora o léxico, ó desenvolvemento das súas macrohabilidades lingüísticas: escoitar, falar, ler e escribir. Por isto, na introdución ó seu ensino discursivo

na aula, deberíamos segui-los seguintes pasos, tanto se se ensina como L1, L2 ou LE. En parte, estes criterios foron adoptados para o ensino do español LE nas súas respectivas propostas didácticas por María Jesús Beltrán e Ester Yáñez (1996), Inmaculada Penadés (1999) e Leonor Ruiz (2002).

- A) Localización e comprensión das UF nun contexto de uso oral ou escrito, interpretación do seu significado contextualizado, busca doutras posibles contextualizacións noutras situacións, comparación cos significados que dá o dicionario, análise da súa estrutura lingüística e das solidariedades léxicas, identificación do seu significado literal e metafórico, ou só metafórico. Ademais de analizar a que rexistro pertence (coloquial, estándar, culto), se é propio dun xénero de textos ou compartido por distintos xéneros e comparar, se se estudia unha segunda lingua, a súa correspondencia na L1.
- B) Memorización das UF a partir da súa práctica oral e escrita noutros contextos de uso apropiados, mediante exercicios diversos do tipo de encher ocos, completar partes da UF, busca-lo seu significado entre múltiples opcións, así como localiza-la UF en exercicios lúdicos do tipo encrucillado. Nesta etapa de memorización tamén é conveniente introducir outras UF que se relacionan coas UF anteriores por sinonimia, antonimia ou hiperonimia/hiponimia, xa que sabemos que os signos lingüísticos poden asociarse a outros in absentia, por relacións de similitude ou de contraste. Por isto, algunhas propostas didácticas inclínanse por presenta-las UF agrupadas segundo estas relacións (Penadés 1999: 42-52).
- C) Reutilización das UF en novos contextos, tanto orais como escritos, suxerindo contextos de uso onde o estudante demostrará que asimilou as formas e os significados das UF. Neste caso, cabe propoñer situacións comunicativas con producións libres, pero onde o estudante terá que usa-las UF axeitadas, que poderá escoller dunha lista dada.

Estes criterios terían que adaptarse, por suposto, ó perfil do estudante, ó modelo de ensino e ás súas necesidades comunicativas. Temos que recoñecer que para os estudos de fraseodiáctica na primeira lingua, no que se refire ás linguas do noso entorno, aínda non hai propostas nin materiais abondos. Cabe citar, para o galego, o libro de Carme López Taboada e M. do Rosario Soto Arias (LOPEZ 1995) e mailo recente artigo de María Isabel González Rey (2004), que parte dunha proposta de recollida de corpus e da súa organización con criterios lingüísticos por parte dos alumnos, a partir do campo semántico das UF compostas polo verbo *chover* e, unha vez constituído o corpus, pasar a traballa-la súa utilización. En catalán, acaba de aparecer un monográfico: *Fraseología i educació discursiva*, coordinado por Montserrat Ferrer e Vicent Salvador, na revista *Articles de didàctica de la llengua i la literatura*, núm. 36, abril-xuño 2005, que amosa, a través dos distintos traballos, o interese que ten a compoñente fraseolóxica para a competencia discursiva no ensino.

Pola miña parte, a miña proposta didáctica (Conca 1994, 1999, 2005) é que as UF se aprendan (localicen, analicen, memoricen e reutilicen) en contextos de uso orais e escritos, atendendo á tipoloxía de textos (conversacional, narrativo, descritivo,

explicativo, argumentativo), ligada ós xéneros (literarios, periodísticos, publicitarios, etc.) e ós respectivos rexistros (coloquial, estándar, culto). Ilustrarémo-lo que acabamos de dicir con algúns exemplos relativos ó texto argumentativo, en xéneros xornalísticos, e ó narrativo, no conto popular.

## 5. As unidades frásicas en contextos argumentativos

A localización do frásico en textos con secuencias argumentativas pódese facer a partir de artigos de prensa, editoriais, cartas ó director, ensaios, discursos políticos, debates televisados, anuncios publicitarios, etc. Esta tipoloxía discursiva deberáselle propoñer a estudantes de educación secundaria, bacharelato e primeiro ciclo de universidade, porque de tódalas operacións lingüísticas, a argumentación é a que ofrece máis dificultades. Teñamos en conta que a argumentación é unha operación verbal comprometida para o emisor, porque o éxito deste acto de fala depende de que sexamos capaces de convencer, de persuadir ó noso interlocutor; de levármola auga ó noso muíño, a través dunha estratexia argumentativa coherente coa nosa premisa e non de tirarmos pedras contra o noso tellado, chegando a unha conclusión pouco axeitada coa nosa liña de argumentación. “Quen ten a palabra ten a espada”, dicía Gorgias o sofista. Por iso os recursos lingüísticos baseados en UF asumidas pola propia comunidade son tan relevantes neste tipo de textos: os proverbios, as sentenzas, os apotegmas, como o que acabo de referir atribuído a Gorgias, foron tomados como argumentos de autoridade. E hoxe en día continúan sendo habituais en textos argumentativos. Pero ademais, a canda os proverbios, hai outras UF características deste tipo de textos.

### 5.1. Unidades frásicas utilizadas como titulares de prensa

Na prensa é habitual encontrar titulares que son UF, ben completas, ben enunciadas na súa primeira parte, ou ben desautomatizadas para conseguir un efecto máis creativo. Os exemplos que seguen son textos en catalán, extraídos do diario *Avui*. É necesario advertir que para a elaboración e análise do corpus sempre partiremos de textos íntegros, porque non se pode capta-lo sentido completo das UF se non é atendendo ás súas funcións no conxunto discursivo. Para explica-las UF que contén cada texto, faremos un comentario lingüístico, atendendo a algúns aspectos sintácticos, semánticos e pragmáticos fundamentais para a comprensión das UF e resumiremos, ó mesmo tempo, o contido do texto.

#### Un vell carro pel pedregar

É o título dun artigo de opinión do periodista Alfons Quintà, colaborador habitual do diario *Avui*, publicado o 20 de febreiro de 2004. O título baséase na locución *anar el carro pel pedregar*, que significa que as cousas/unha situación/algúen non van ben, ou sexa, andan por mal camiño. O autor realizou unha modificación sintáctica interesante, utilizando o artigo indeterminado *un* como presentador e cualificando o *carro* de vello. Non obstante, ó anteporlle o adxectivo ó substantivo, conseguiu un efecto valorativo positivo. Ademais elide o verbo, co que consegue unha nominalización metafórica, que crea expectativas no lector: ¿a que ou a quen alude, “un vell carro”? E non será ata chegar á conclusión cando se desvelará a súa identidade.

No corpo do artigo, o autor parte da premisa, comunmente aceptada, de que é difícil imaxinar un sentimento máis nobre có de pertencer á humanidade, pero contrástao (por medio do conectador *això no obstant*) coa idea de que é pouco valorado, quizais porque as visións xenéricas adoitan ser estériles. Por iso a identificación faise con grupos humanos, que son unha subdivisión, unha vía de acceso á humanidade: a nación, a relixión, un ideario político, ou nada, ou un non se sabe, ou unha mestura de todo. Para os cataláns, o autor afirma que o elemento definidor debería se-lo noso marco lingüístico, a nosa historia e unha cultura, agora controlada e en declive. Cando isto se admite, vese que somos unha *nació sense estat*, que se ten que asumir. Só así se pode aspirar a ser outra cousa. Se non, “somíem truites” (facémonos falsas ilusións). Os feitos políticos dos últimos 25 anos demostran que ningún político quixo partir destas premisas elementais. Preferiuse *fer volar coloms* (facer ver que todo é magnífico) e gozar do poder antes que facerlle fronte a un difícil problema. Esta *sortida per la tangent* (non asumi-la responsabilidade) representou unha regresión respecto ós enfoques intelectuais precedentes, que agora parecen extremistas, vista a falta de patriotismo e de capacidade dunha clase política que pasou a ser desastrosa. E conclúe o autor: políticas politiquieras fixeron de todo para evitar novos referentes intelectuais, mentres que políticos irresponsables *llençaven el carro mil-lennari anomenat Catalunya pel pedregar*.

Podemos ver que o autor utilizou diferentes UF ó longo do seu artigo. Catro locucións verbais: *anar el carro pel pedregar*, *somiar truites*, *fer volar coloms*, *sortir-se'n per la tangent*, unha locución nominal terminolóxica: *nació sense estat* e unha locución conxuntiva adversativa: *això no obstant*.

Observemos que aquí se puxeron en xogo algunhas propiedades inherentes á fraseoloxía (Zuluaga, 1997): a **comunicabilidade**, porque as UF con poucas palabras dan moita información e crean complicitade cultural entre emisor e receptor; a **connotación**, porque se parte de experiencias motivadas e recreadas no tempo, das que a veracidade é garantida pola comunidade lingüística, o cal constitúe un argumento de autoridade; a **iconicidade**, pola dobre imaxe visual e semántica a que nos remite cada unha delas; a **poeticidade**, polos efectos fonoestilísticos que producen. Pero, ademais, hai o efecto creativo da metáfora, descuberta ó final: *un vell carro* é a Cataluña milenaria que políticos irresponsables lanzaron *pel pedregar*. E desde o punto de vista argumentativo, o autor seguiu unha estratexia estilística moi efectiva co uso das UF, tanto para crítica-la actitude dos políticos (*somiar truites* e *fer volar coloms*) que non asumen as dificultades de pertencer a unha *nació sense estat*, como para chegar a unha conclusión coherente coa tese e moi impresionante, porque ó desvela-la identidade do *vell carro*, indica quen o guinda *pel pedregar*. O lector que coñece a situación política e as connotacións múltiples das UF utilizadas pódese sentir seducido pola opinión do autor.

## 5.2 Unidades fráscas que forman parte do título e son referencia semántica recorrente no texto

Nunha páxina de noticias sobre o segundo Fórum Social Europeo, que tivo lugar en París, en novembro de 2003, a periodista Sandra Buxaderas utilizou na súa crónica (*Avui*, 16 de novembro de 2003) os seguintes titular e subtítular:



### **Un superpoder en bolquers**

*A Porto Alegre naixia un superman  
que pot capgirar a Terra,  
però encara és un nadó de pas insegur.*

*En bolquers* significa que unha cousa é aínda fráxil, inmadura, inconsistente, ten como equivalente en español *en mantillas*. A autora do texto utilizou a UF xogando co seu sentido literal e idiomático e creou unha metáfora: “un superpoder en bolquers”, para se referir ó movemento antiglobalización, ó que cualifica de potente pero á vez fráxil coma un bebé. A referencia semántica a esta metáfora é constante no texto: “El moviment ha anat creixen”, “el moviment és prou fort i ho ressirà”. Sérvelle tamén para introduci-la polifonía: “un dels pares de la criatura, Bernat Cassens [...]”; “Cándido Grzybowski, organizador brasiler de Porto Alegre, alerta que ‘el que estem fent és molt fràgil i cal disciplinar-se’”; “L’italià Salvatore Cannovo no diagnostica en el nadó cap retard de creixement”; “Maria Stylou prefereix menys teoria i opta per donar vitamines al petit Superman: aixeca el puny i exclama: ‘tenim la força per crear un nou món’”.

### **5.3. Unidades fráscas que son conectadores argumentativos**

Referímonos ós conectadores tanto oracionais (os que relacionan cláusulas) como textuais (os que relacionan oracións e parágrafos do texto). Os conectadores prototípicos da argumentación son os de causa-consecuencia (*a causa de / por causa de / por causa de / honen arabera; així doncs / por lo tanto / polo tanto / beraz*), mentres que os da contrargumentación son os de contraste (*en canvi / en cambio / aldiz; no obstant això / no obstante / non obstante; malgrat que / a pesar de / malia / hala ere*). Tamén témo-los conectadores que introducen a conclusión da argumentación ou a relevancia do argumento máis forte (*comptat i debatut / en resumen / ó cabo e á conta / laburtuz; en darrera instància / en última instancia / en definitiva / azkenik eta gero; tot ben sospesat / se ben se mira / dena ikusita; al capdavall / al fin y al cabo / ó cabo / azken finean*).

Joan Fuster é un mestre do xénero argumentativo por excelencia, o ensaio. Un xénero que Fuster tamén recreou no aforismo. Poremos un exemplo, que ademais parte dun proverbio moi popular:

*"L'hoste i el peix menut, a tres dies put", diu la gent. Ben mirat, als tres dies tot put: l'hoste, el peix menut, la poesia pura, la física quàntica, el budisme i tu mateix. (FUSTER 1968: 127)*

O proverbio utilizado por Joan Fuster é coñecido así mesmo noutras linguas, é o que poderíamos chamar un europeísmo:

*L'hoste i el peix menut, als tres dies put (cat.).  
O hóspede e o peixe, ós tres días fedem (gal.).  
El huéspedes y el pez, a los tres días hiede (es.).  
Alegratan dei arrotzen jiten drenean, bozkario emoiten deinatik faten drenean (éus.). (RECL 335)*

Observemos que Fuster presenta o proverbio como unha citación que ten un enunciador colectivo explícito, que representa a voz, a opinión do pobo. A continuación, o autor segue a estratexia argumentativa de someter a revisión crítica a opinión común precedente e faíno coa UF *ben mirat*, que lle permite analizar e proba-la verdade da aseveración *als tres dies tot put*. E o *tot* vaino diseccionando, elemento por elemento e sumando outros que, polo seu carácter culto e inmaterial, chocan cos elementos do proverbio, pero son aceptables dentro do *tot* categórico. E pecha a serie de maneira irónica e punzante cun precipitado *i tu mateix*.

#### 5.4. Unidades frásicas que modalizan a imaxe do emisor no discurso argumentativo

Hai outra serie de UF que axudan a crea-la imaxe do emisor, o seu punto de vista, a súa actitude fronte ó seu interlocutor, así como a maneira de presenta-la validez das súas ideas. Estas fórmulas poden implicar directamente o interlocutor mediante un elemento deíctico: *al meu parer / en mi opinión / para a miña idea / nire aburuz; em sembla que / me parece que / iruditzen zait*. Poden implicar ó receptor de forma cortés: *permeti'm que digui / si me lo permite diré / déixeme dicir / barkatu baina*. Ou poden adoptar unha forma impersonal, dando sensación de obxectividade: *cal dir / es necesario decir / cómpre dicir / esan bearra dago; a parer d'(algú) / según el parecer de (alguen) / segundo di (alguén) / haren irudiz; segons que sembla / según parece / seica / dirudienez*. Nesta liña de obxectividade hai que situa-las fórmulas de inserción proverbial, que explicitan a validez dos proverbios aludindo á voz da sabedoría popular: *com diu el proverbí / como dice el proverbio / como di o dito / errankomuna den bezala; segons que diu el refrany / según dice el refrán / como di o refrán / errankomunak dioenez; com deia mon (...) / como decía mi (...) / como decía o meu (...) / gureak zioen bezala*.

Recapitulando sobre os nosos exemplos podemos deducir que, a partir de textos escritos (prensa, ensaio, publicidade, etc.) e orais (debates e faladoiros televisados), podemos elaborar un corpus de UF con funcións discursivas específicas para este tipo de textos, que se poden concretar nun corpus de UF agrupadas polas súas funcións discursivas. Un corpus frásico que pode ser de grande axuda para o proceso de localización, comprensión, memorización e reutilización no discurso.

Texto argumentativo	
Clase de UF	Función discursiva
Proverbios, sentenzas, apotegmas, algunhas locucións verbais, nominais, adxectivais e clausais	Premisa Citación de autoridade Reformulación Conclusión Contraargumentación
Locucións conxuntivas, preposicionais, adverbiais	Conectiva
Colocacións, locucións adxectivais, fórmulas	Modalizadora

#### 6. As unidades frásicas en contextos narrativos

A localización do frásico en textos narrativos permítenos lecturas que van desde os contos populares (un pozo de riqueza fraseolóxica), pasando pola literatura infantil e xuvenil, ata os relatos breves e as novelas de autores contemporáneos ou de diferentes

épocas, segundo o nivel e os intereses dos alumnos. En cada lingua e cultura débese facer unha boa elección, pois para a elaboración do corpus frásico cómpren obras cun uso adecuado das UF, e débese partir de textos completos, como xa suxerimos para os textos argumentativos. Ademais, a aprendizaxe das UF desta tipoloxía discursiva é posible introducila en secuencias didácticas xa desde a escola primaria.

Para o catalán, o corpus de contos populares é moi extenso, xa que temos tres importantes autores que recolleron durante a primeira parte do século XX unha grande cantidade de relatos orais (Antoni Maria Alcover, en Mallorca; Joan Amades, na Cataluña Central; Enric Valor, no País Valenciano). Respecto á literatura contemporánea, cabe dicir que, na medida en que os autores exploran os diferentes rexistros, e sobre todo o coloquial, adoita ser rica en UF de todo tipo, aínda que máis en locucións ca en refráns e en moitos casos estes atópanse desautomatizados, ou sexa, modificados de maneira creativa.

Veremos algúns exemplos de como podemos localizar e analiza-las UF en contextos narrativos, para chegar a elaborar un corpus específico de clases de UF e as súas funcións, da mesma forma que o fixemos para os textos argumentativos.

### 6.1. Unidades frásicas nun conto popular que leva por título un refrán

#### Qui no et conega que et compre

Trátase dun conto popular –pódense atopar moitos outros deste estilo– que explica a orixe do refrán. Forma parte dunha recompilación oral dun conxunto de relatos, feita nos vales pirenaicos polo gran poeta da Renaixenza catalá, Jacint Verdaguer, a partir de 1878, pero non se publicaron ata 1905, pouco despois da súa morte. A continuación, presentarei un resumo, incorporando as UF no mesmo sentido que no orixinal, e analizarei as funcións e os efectos estilísticos destas UF.

Na presentación, o narrador toma a palabra dicindo que contará *mot a mot* (palabra por palabra), como llo contaron a el, o suceso que explica o adaxio. E manifesta a súa obxectividade: *sense guanyar-hi ni perdre* (sen gañar nin perder no que conta). Empeza o relato cunha fórmula propia do xénero: *unha vegada eren...* Trátase dun grupo de estudantes que van á Universitat de Cervera *en lo cavall de Sant Francesc* (a pé) e como o camiño era moi longo e non levaban nin unha moeda empezan a pensar qué poderían facer para comer un bocado.

No nó ou desenvolvemento da acción, cada un dos estudantes vai dando as súas ideas de como lograr despistar ó hostaleiro ou ó amo dalgunha masía para poder *fer córrer l'urpa* (roubar), pero non *es veien amb cor* (non se atrevían), porque as súas falcatruadas eran coñecidas por toda a comarca. Falar deles era *parlar del Serraller* (o *cerralleiro*, ou ladrón por antonomasia, porque sabe desaferrollar portas). Mentres pensaban qué habían facer e qué dirían *por divertir la gana* (sacia-lo apetito), notaron un cheiro de pan acabado de saír do forno. E un que tiña *el nas més fi* (máis desenvolvido o olfacto) dixo que cheiraba a xamón e a queixo fresco. *Què serà, què no serà?* Daquela viron un arrieiro que se achegaba conducindo unha recua de burros de Urgell cargados. Os

estudantes, como todos *tenian talent* (locución verbal que ten dúas acepcións: ‘ser intelixente’ e ‘ter moito apetito’), adiviñaron que ía a Cervera levar alimentos.

Empezaron a matinar como ían desatar un burro sen que os vise ninguén. *Qui té gana moltes se’n pensa* (a fame agudiza a inventiva). E un que tiña máis fame cós outros desatou a correr o burro último sen que o arrieiro se decatase e puxo a cabezada, mentres os seus compañeiros se agochaban co burro ben cargado. A recua seguía adiante e o estudante deixábase levar para que o home non se dese conta, ata que chegaron a un torrente e o arrieiro quixo pór os burros a beber e en vez do burro último veu un home.

“–*I ara!*” *Què és això?*”–exclamou moi extrañado o home, sen saber cómo afronta-la situación–. “*Qui sou vós?*” –díxolle *al cap i a l’últim* (finalmente). Cousa que aproveitou o estudante para, con cara de lástima, explicarlle que el non era un burro senón un home que Deus, por un gran pecado, castigara a facer de burro unha tempada, pero que, *en aquell punt i hora* (naquel preciso momento), rematara a condena e, deixando a figura do burro que o arrieiro comprara, volvía te-la figura do primitivo home.

O arrieiro, que non tratara nunca con estudantes, deixouse enganar e, movido polas bágoas daquel que fora burro (aínda que non tanto coma el mesmo), sacoulle a cabezada do pescozo e cunha compaixón que o pícaro do estudante non merecía, díxolle:

“–*Anau allà on vulgau*” (Vaia a onde quixer).

*Si ho digué al sord no ho digué al peresós* (se llo dixo ó xordo non llo dixo ó preguiceiro). Dándolle as grazas volveu para atrás, onde se foi xuntar cos seus compañeiros, que estaban quitando a barriga de mal ano. Cando baleiraron as alforxas foron cara a Cervera e o estudante heroe ía montado sobre o burro e, en chegando ás portas da cidade, vendéronllo por uns pesos a un xitano. De alí a pouco xa estaba á venda na feira.

No desenlace final, sucedeu que o inocente arrieiro acertou a pasar por alí e recoñeceu o seu burro. Achegouse a el e díxolle *a cau d’orella* (falándolle á orella):

“–*Quin pecat has tornat a fer que tornes a ser ase aquí? Però a mi no m’enganyaràs per aquesta vegada; qui no et conega que et compre*”.

As UF do relato que acabamos de resumir poden ser bastante representativas das funcións discursivas que adoitan realizar nos textos narrativos. Así, vemos que aparecen as fórmulas propias do relato oral: *una vegada eren*, utilizada para situa-la acción nun tempo pretérito, onde se supón que os feitos narrados podían acontecer; *Què serà, què no serà*, fórmula que serve para crear expectación no oínte; *Si ho digué al sord, no ho digué al peresós* indica movemento e prontitude na acción realizada polo estudante protagonista. Atopamos locucións verbais con significacións diversas: *sense guanyar ni perdre*, que manifesta a obxectividade do narrador ante o que conta; *fer córrer l’urpa* significa que os estudantes roubaban todo o que tiñan a man; *no s’hi veien amb cor* enfatiza a acción de non atreverse a enganar de novo ós campesiños; *parlar del Serraller* utilízase como elemento analóxico que indica a mala fama que tiñan os estudantes; *divertir la gana* destaca a necesidade imperiosa de comer; *tenien talent* ten un contido intensificador ó atribuírlles ós estudantes tanto a intelixencia como o apetito feroz,

grazas ó dobre significado da locución. Aparecen locucións adverbiais: *mot a mot* indica que o narrador contará con todo detalle o que a el lle contaron; *en lo cavall de Sant Francesc* ironiza sobre o feito de ter que ir andando, porque non se ten outro medio de transporte; *al cap i a l'últim* manifesta un significado intensivo de espazo de tempo, e no texto, o tempo que dura o estupor do protagonista; *en aquell punt i hora* precisa o momento puntual da acción; *a cau d'orella* delimita o lugar exacto (o orificio auditivo da orela) onde se deposita a voz para ser oída só polo receptor. Hai unha locución nominal: *el nas fi* serve para describir sinteticamente o bo olfacto do estudante protagonista. Podemos atopar tamén unha locución exclamativa: *I ara!*, que manifesta o asombro do pobre arrieiro cando veu un home no sitio do asno, ó mesmo tempo que serve de conector para introduci-la quenda de fala. Finalmente, comentaremos os dous proverbios: *Qui té gana, moltes se'n pensa*, que actúa como argumento, avalado pola voz da sabedoría, que xustifica a audacia dos estudantes para enganar ó carreteiro; *Qui no et conega que et compre*, funciona como paratexto e como conclusión do texto. Ten, polo tanto unha función estrutural importante, xa que configura o inicio e a fin do texto, e temática, porque asume o significado global do texto.

Recapitulando agora sobre o noso texto narrativo, podemos deducir que a partir de contos populares, novelas, relatos breves, anécdotas, etc. podemos elaborar un corpus de UF con funcións discursivas específicas para este tipo de textos, que se poden agrupar segundo as súas funcións discursivas. Un corpus frásico que, igual que para os outros tipos de texto, pode ser de grande axuda no proceso de localización, comprensión, memorización e reutilización no discurso. O que presentamos refírese soamente ás funcións do texto analizado. Habería, xa que logo, que ampliálo a partir da análise doutros textos.

Texto narrativo	
Clase de UF	Función discursiva
Proverbios	Tema Conclusión ou máxima Argumento
Fórmulas propias do conto popular	Situa-la acción no espazo e no tempo Pragmática (crear expectación, indicar axilidade no cumprimento dunha misión)
Locucións verbais, adverbiais, nominais, etc.	Modalizadora (intensificar accións ou sentimentos; describir de forma breve, e ás veces indirecta, accións, formas de comportamento e atributos dos personaxes)

## 7. A xeito de conclusión

Nun proceso de normalización lingüística é necesario que os falantes adquiren competencia fraseolóxica para seren falantes e lectores competentes na súa lingua e por extensión noutras. Por esta razón, o ensino das UF débese incorporar a tódolos niveis da aprendizaxe, desde a escola ata a universidade. A necesidade de recupera-las UF para o uso en linguas como o galego, o éuscaro ou o catalán, que sufriron procesos xenocidas de substitución lingüística, é vital porque a substitución fraseolóxica ten un efecto perverso: faille crer ó falante da lingua minorizada que a outra lingua é máis comunicativa e máis rica en imaxes. Ademais, o feito de botar man da lingua dominante acelera o proceso de substitución, non só porque substitúe UF existentes, senón tamén

porque os esquemas fraseolóxicos da propia lingua deixan de ser produtivos na creación de expresións novas.

Canto ó método de ensino do que falamos, con todo o eclecticismo posible, inclinámonos por ensinar/aprender as UF en contextos de uso orais e escritos e ter en conta os xéneros e os rexistros. De feito, é a forma natural da súa aprendizaxe: localización, comprensión, memorización e reutilización en contextos de uso. Os exemplos utilizados neste artigo pretenden ser unha mostra de como se debería introducir a aprendizaxe das UF. Cremos que, a partir do coñecemento de conceptos básicos sobre fraseoloxía e aplicando a metodoloxía adecuada, os ensinantes poderían elaborar secuencias didácticas adaptadas ó nivel e ós intereses dos seus alumnos. Ademais, é urxente confeccionar dicionarios fraseolóxicos escolares, cadernos e manuais para facilita-lo traballo do ensino e aprendizaxe.

Por todo o dito, cabe reclamar que os planos de estudo universitarios e non universitarios incorporen o ensino da disciplina fraseolóxica, xa que é moi necesario que os estudantes que despois serán lingüistas, profesores, tradutores, etc., teñan acceso á súa aprendizaxe para poderen incorporar ás súas investigacións lingüísticas e ás súas aplicacións pedagóxicas o universo de imaxes, significados e voces que contén o frásico das nosas respectivas linguas, soas e en contraste con outras.

## 8. Bibliografía

- [RECL] CANTERA, J. e SEVILLA, J. (eds). (1998): *877 Refranes españoles con su correspondencia catalana, gallega, vasca, francesa e inglesa*. Ediciones Internacionales Universitarias, Madrid.
- BELTRÁN, M<sup>a</sup>. J. e YÁÑEZ, E. (1996): *Modismos en su salsa*. Arco/Libros, Madrid.
- CANAL, M. e SWAIN, M. (1980): “Theoretical bases of communicative approaches to second language teaching and testing” en *Applied Linguistics* 1,1980,1-47.
- CONCA, M. (1994): “La fraseología en l’ensenyament de la llengua catalana” en LÓPEZ, F. J. (ed.): *Segon Simposi del Professorat de Valencià, de l’Ensenyament Mitjà i de l’Educació Secundària Obligatoria*. Conselleria d’Educació i Ciència. Generalitat Valenciana, València, 111-124.
- (1999): “La competència fraseològica en l’aprenentatge de llengües” en GARCÍA, M., GINER, R., RIBERA, P. e RODRÍGUEZ, C. (eds.): *Ensenyament de llengües i plurilingüisme. I Congrés Internacional de Didàctica da Llingua i a Literatura*. Departament de Didàctica da Llingua i a Literatura. Universitat de València, València, 325-332.
- (2005): “Les unitats fraseològiques en el discurs argumentatiu” en *Articles de Didactica da Llingua i la Literatura* 36,2005,32-42.
- CORPAS, G. (2003): *Diez años de investigación en fraseoloxía: análisis sintáctico-semánticos, contrastivos e traductolóxicos*. Iberoamericana. Vervuet, Madrid.
- (1997): *Manual de fraseoloxía española*. Gredos, Madrid.
- FERRO, X. (ed.) (1997): *Actas do I Coloquio Galego de Fraseoloxía*. Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades/Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.
- FUSTER, J. (1968): *Consells, proverbis i insolències*. Editorial A. C., Barcelona.

- GARATE, G.: *Atzotitzak, Refranes, Proverbs, Proverbia*. BBK:  
<http://www.ametza.com/bbk/htdocs/hasiera.htm>
- GUIA, J. (1999): “Formalización matemática de las concordancias fraseolóxicas generalizadas” en *Actas del VI Simposio Internacional de Comunicación Social*. Instituto de Lingüística Aplicada, Editorial Oriente, Santiago de Cuba, 316-323.
- GONZÁLEZ REY, M<sup>a</sup>. I. (2005): “A fraseodidáctica: un eido da fraseoloxía aplicada” en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 6,2005,113-130.
- LÓPEZ TABOADA, Carme e SOTO ARIAS, María do Rosario (1995): *Así falan os galegos: fraseoloxía da lingua galega. Aplicación didáctica*. Galinova, A Coruña.
- PENADÉS, I. (1999): *La enseñanza de las unidades fraseolóxicas*. Arco Libros, Madrid.
- RODRÍGUEZ, F. e ESNAOLA, M. (eds.) (1998): *Euskara mintzatuaren erroak*. Euskal Herrico Unibertsitatea, Donostia.
- RUIZ, L. (2002): *Ejercicios de fraseología*. Arco Libros, Madrid.
- SALVADOR, V. e PIQUER, A. (2000): *El discurs prefabricat. Estudis de fraseologia teòrica i aplicada*. Universitat Jaume I, Castelló.
- VERDAGUER, J. (1986): *Rondalles*. Publicacions de l’Abadia de Montserrat, Barcelona.
- ZULUAGA, A. (1980): *Introducción al estudio de las expresiones fijas*. Verlag Peter D. Lang, Frankfurt.
- (1997): “Sobre las funciones de los fraseologismos en textos literarios” en *Paremia* 6,1997,631-640.